

Área: Competicións

Circular nº 06 - Temp. 25/26

SUBIDA VÍDEOS PLATAFORMA MISQUAD

NORMATIVA:

Lembramos a todos os clubs a obrigatoriedade de gravar e subir os vídeos dos partidos das categorías:

- Sénior: todas as competicións.
- Xuvenil, Cadete e infantil: Play Off (club organizador), Liga Ouro e Eliminatoria pola Final 4.

Dende a Federación Galega de Balonmán, comunicárase ao Comité de Competición todas as incidencias sobre as subidas de vídeos nas competicións de liga, polo que se aplicará a normativa de forma estrita dende a primeira xornada.

Recomendacións:

- Sería positivo que tamén suban os vídeos (aínda que non sexa obrigatorio), os equipos que participan en categorías prata para facilitar labores arbitrais e tamén da Área Técnica en canto a observación de xogadores/as.
- Moitos clubs estades a realizar streaming sin ser obrigatorio, algo que consideramos que é moi positivo. Dentro do voso espazo de Misquad tedes un apartado que pon “Partidos en Streaming”, onde podedes subir (antes de que comece o encontro) o enlace do streaming e así tanto na aplicación móbil como na páxina web aparecerá un enlace directo ao streaming do encontro, polo que sería moi beneficioso para os clubs.

MÉTODO DE SUBIDA:

O proceso de subida dos vídeos sufriu un pequeno cambio con respecto a tempadas anteriores por problemas coa plataforma. Esta tempada o proceso segue a ser o mesmo co da pasada. Deixamos un guía cos pasos a seguir:

- 1- **CANLE PROPIA DE YOUTUBE:** A maioría dos clubs xa tedes unha propia canle de Youtube. Aqueles que non a teñades, teredes que creala. (Poñémonos á vosa disposición por se precisades axuda.)

- 2- **SUBIDA DE VÍDEOS Á CANLE DE YOUTUBE:** Deberedes subir o partido gravado na vosa canle de Youtube. Para aqueles clubs que xa estades a realizar Streaming dos encontros, non teredes que volver a subilos. Nestes casos, tan só deberedes subilo de novo se por calquera razón fallou o Streaming, xa que como sabedes os partidos deben estar nun único arquivo e completos.
- 3- **SUBIDA DE VÍDEOS NA ÁREA PRIVADA DO CLUB:** Unha vez subidos os vídeos na vosa canle de Youtube, a maneira de proceder é semellante a coma se facía ata o de agora, salvo nun paso:
- Acceder a área privada do club.
 - Menú: Vídeos de partido – Subida de vídeos.
 - Eliximos a competición e o partido.
 - Seleccionamos en SUBIR PARTIDO.
 - Ábrese a pantalla de sempre con 4 pasos:
 - Datos do vídeo.
 - Tempos.
 - Introduce URL. (novo paso)**
 - Gardar.

Coma podedes observar o único cambio atópase no paso 3 do apartado E, “INTRODUCIR URL”.

The screenshot shows a video upload form with the following sections:

- Paso 1. Datos del vídeo**:
 - Título: KH-7 BM. GRANOLLERS - AULA ALIMENTOS DE VALL.
 - Descripción: División de Honor Fem. Femenino - XL COPA DE S.M. LA REINA - FASE FINAL FASE FINAL (Jornada: 1 - 26-04-2019 16:03 KH-7 BM. GRANOLLERS(1) -
 - Etiquetas: partido, balonmano, handball, rivem, XL, COPA DE S.M.
- Paso 2. Tiempos**:
 - Inicio Parte 1: 00:00:00
 - Inicio Parte 2: 00:00:00
- Paso 3. Introduce la URL** (highlighted with a red circle):
 - Introduce la URL del vídeo a subir: [Empty text box]
- Paso 4. Guardar vídeo**:
 - Guarda: [Guardar button]

Neste paso, o único que hai que facer e introducir a URL do vídeo da vosa canle de Youtube e despois darlle a gardar.

INFORMACIÓN RELEVANTE:

- Os encontros deben estar subidos en tempo e forma (antes do mércores posterior á disputa do encontro ás 20:00h e nun único arquivo).
- Os vídeos deberán ter unha resolución aceptable que permita o adecuado visionado do encontro.
- A cámara debe estar centrada evitando ángulos mortos.
- A cámara debe seguir a acción do balón e, sobre todo, non perderse ningún gol nin acción polémica.
- Supón unha infracción desta norma que o vídeo subido non conteña todo o partido completo ou se corte durante a súa reprodución.

En Vigo a 06 de agosto de 2025.

